



**INICIATIVA** ■ Os escolares galegos explican a ciencia mariña nun concurso do Cetmar

## Coñecendo o mar con experimentos

O Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Cetmar convoca o concurso Galicia e as Ciencias do Mar, dirixido ós estudantes e docentes de centros primaria e secundaria de Galicia que poden participar en grupos dun profesor e tres alumnos, que deberán deseñar experimentos que sirvan para explicar as ciencias do mar. O equipo do Doutor Octo - a personaxe que representa o proxecto - xa comezou a promocionar o concurso polos colexios que solicitaron a súa visita a través do portal [www.galiciaeascienciasdomar.org](http://www.galiciaeascienciasdomar.org). Nestas visitas, que aínda se poden solicitar,

dous 'científicos tolos', realizan un experimento relacionado coas ciencias do mar e animan os asistentes a realizar o seu propio ensaio para participar no concurso.

O prazo de entrega de proxectos é ata o 9 de maio. Esta actividade está financiada pola Consellería de Innovación e Industria, a través das accións de divulgación e comunicación científica e tecnolóxica Diverciencia, no Programa de Comunicación e Sensibilización Social (CSS) do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite). ■ **REDACCIÓN**

**BUSCAMOS OS MELLORES EXPERIMENTOS E DEMOSTRACIÓNS PARA EXPLICAR AS CIENCIAS DO MAR DE XEITO DIVERTIDO E SINCXELO**

*¿Atrévete a deseñar un proxecto?*



- Xuntádevos 3 estudantes e un docente do voso centro de ensino.
- Os autores dos mellores traballos recibirán un MP3, participarán nunha Xuntanza de Ideas onde realizaremos os experimentos... e poderán participar na gravación do programa EFERYESCENCIA!
- Poderás solicitar a visita do equipo do Dr. OCTO ao teu centro de ensino, que realizará en directo un dos seus experimentos.
- Busca as bases do concurso e máis información na nosa web:

[www.galiciaeascienciasdomar.org](http://www.galiciaeascienciasdomar.org)

MAR Información / SMA 247.047 - Edición 87

Cartel do concurso escolar Galicia e as Ciencias do mar

## Os gañadores saíran na radio

Un xurado composto por investigadores, especialistas en materia de divulgación científica e especialistas en formación valorará os traballos presentados nas dúas categorías do concurso: primaria e secundaria. **Seleccionarán** catro traballos de cada categoría, que recibirán un reprodutor MP3 e serán convidados a participar nunha Xuntanza de Ideas na que desenvolverán os experimentos e se seleccionará o mellor proxecto de cada categoría.

Os autores do mellor traballo de cada categoría terán a oportunidade de presentar o seu proxecto no programa de Radio Galega Efervescencia.